

En virtude do convenio de colaboración asinado coa Axencia de Turismo de Galicia o día 25 de marzo de 2025, o Concello de Castro de Rei executou o proxecto de creación da ruta de sendeirismo “Camiño Rexio” e a sinalización dos elementos máis representativos, unha nova ruta de sendeirismo que segue o itinerario da antiga vía de peregrinación a Santiago denominada *Vía Rexia*.

O percorrido desta ruta é duns 15 kilómetros e discorre polas inmediacións do Castro de Viladonga, preto da igrexa desta parroquia e do barrio de O Curro, pola Ponte do Busto, Os Paraños, O Vilar, a Fonte da Virxe de Duancos, a Fonte e Casa de Canaval en Duancos, e Orizón.

Os traballos realizados no marco do citado convenio consistiron na recuperación de zonas de paso, na sinalización de cruces e desvío da ruta (para o que se colocaron 120 frechas indicativas), na colocación de 5 paneis informativos de bens patrimoniais (capela de San Amaro en Ludrio, Fonte de Canaval en Duancos, Fonte da Virxe en Duancos e igrexas parroquiais de Mondriz e Ludrio), na instalación dun panel indicativo ó inicio da ruta e no deseño da ruta e creación dos contidos dos paneis.

Trátase dunha actuación coa que se acadou o propósito de poñer en valor e conservar os elementos patrimoniais, etnográficos e históricos de Castro de Rei.